



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A fiscalización e a nova Lei de contratos do sector público

CONVOCATORIA: curso superior A fiscalización e a nova Lei de contratos do sector público

GRUPO: Cursos TIC convenios AMTEGA

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	48
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/07/2018 - 08:00h ao 02/09/2018 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O pasado 9 de novembro publicouse no BOE a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Ademais de acometer a transposición das citadas directivas, a lei establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública, con vocación de ser máis eficiente, transparente e íntegro, e mellorar as condicións de acceso ao devandito sistema facilitando, en particular, a participación das pemes.

Coa celebración deste curso os obxectivos perseguidos son tanto a análise das principais novidades introducidas pola lei como propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis innovadores desde o punto de vista xurídico e da xestión pública, enfocado fundamentalmente a fortalecer coñecementos previos dirixidos á actividade de auditoría e control económico – financeiro do sector público, tanto no que se refire ao control do cumprimento normativo como dos principios de economía, eficacia e eficiencia.

DESTINATARIOS

O curso dirixese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do Consello de Contas de Galicia dos grupos A1, A2 e C1 (axudantes de Auditoría).

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da comunidade autónoma de Galicia pertencentes aos grupos A1, A2 e C1 que realicen funcións de control (intervención).

PROGRAMA

O curso estrutúrase en 8 sesións, nas que se tratarán, entre outros, os seguintes temas:

- Claves para entender a nova Lei de contratos do sector público.
- Integridade, transparencia e boa gobernanza na reforma introducida pola nova lei.
- Novidades no ámbito de aplicación da lei.
- Tipos de contratos.
- Capacidade e solvencia do empresario.
- Obxecto do contrato.
- Prezo dos contratos.
- Actuacións preparatorias.
- Avances cara á contratación electrónica.
- Identificación dos riscos na contratación.
- Adxudicación.
- Contratación estratéxica.

- Especialidades da contratación no ámbito local.
- Función consultiva e contratación.
- Novidades nos mecanismos de recurso e supostos de invalidez.
- Execución dos contratos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público do Consello de Contas de Galicia.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas solicitantes deberán acreditar por correo electrónico dirixido a novas.egap@xunta.gal a súa condición de persoal empregado público das entidades destinatarias así como o grupo e, no seu caso, funcións que realiza, de acordo ao establecido no punto 4 desta resolución.

Só serán admitidas as solicitudes daquelas persoas que enviasen a acreditación dentro do prazo máximo habilitado para a inscrición, isto é, ata o 2 de setembro de 2018.

A EGAP reserva para si ademais a facultade de solicitar documentación complementaria en caso necesario.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 17/09/2018 a 12/11/2018

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 17 de setembro de 11:00 a 14:30. O día 12 de novembro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 17 de setembro de 16:00 a 19:30. O día 24 de setembro de 11:00 a 14:30. O día 24 de setembro de 16:00 a 19:30. O día 01 de outubro de 11:00 a 14:30. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:30. O día 08 de outubro de 11:00 a 14:30. O día 08 de outubro de 16:00 a 19:30. O día 15 de outubro de 11:00 a 14:30. O día 15 de outubro de 16:00 a 19:30. O día 22 de outubro de 11:00 a 14:30. O día 22 de outubro de 16:00 a 19:30. O día 29 de outubro de 11:00 a 14:30. O día 29 de outubro de 16:00 a 19:30. O día 05 de novembro de 11:00 a 14:30. O día 05 de novembro de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA